



Transferencia de Crédito 004-T/20 (20/20)

Expte. Cividas: 2020014321

Expte. relacionado: 2020012289

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 03/06/2020 (ref.: JFC/095/2020), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda en data 03/06/2020 e polos Concelleiros delegados de Recursos Humanos e de Servizos Xerais, Transparencia e Sistemas de Información o 04/06/2020, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Servizos Xerais, Transparencia e Sistemas de Información, que propoñía:

"1.- Aprobar a modificación orzamentaria 004-T/2020, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 9

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N 120.9202.63604	Renovación Hardware e Software	435.331,92
N 120.9202.62600	Plan de Informatización	314.898,75
Total Transf. Positivas:		750.230,67 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N 280.9200.12000	Soldos grupo A1. Servizos Xerais	29.044,55
N 280.9200.12003	Soldos grupo C1. Servizos Xerais	29.342,65
N 280.9200.12004	Soldos grupo C2. Servizos Xerais	33.161,49
N 280.9200.12005	Soldos grupo E. Servizos Xerais	60.781,53
N 280.9200.12100	Complemento destino. Servizos Xerais	86.294,61
N 280.9200.12101	Complemento específico. Servizos Xerais	191.246,73
N 280.9201.12004	Soldos grupo C2. Parque Móbil	102.158,79
N 280.9201.12100	Complemento Destino. Parque Móbil	53.983,93
N 280.9201.12101	Complemento específico. Parque Móbil	128.332,97
N 280.9202.12101	Complemento específico. Sistemas de Información	35.883,42
Total Transf. Negativas:		750.230,67 €"

Considerando a proposta do Xefe de Servizo de Sistemas de Información de data 27/05/2020 que indica, entre outras cuestións: "(...) Renovación Plataforma hardware e software: 435.331,92€ Este proxecto consiste na renovación da plataforma hardware, actualización das versións de software basee (Citrix, Vmware, etc) e adquisición dalgunhas licenzas así como a migración de todo o existente á nova contorna. (...)”



Visto o informe (ref.: 4-T/20) da Intervención Municipal de data 20/06/2020, no que se conclúe: “A proposta de transferencia de crédito número 4 en tramitación fiscalízase de disconformidade por non respectar as bases de execución do orzamento nin adecuarse á estrutura dos orzamentos regulada na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Neste sentido, por unha banda, realízase unha transferencia a unha aplicación orzamentaria específica, en concreto, a 120.9202.63604 “Renovación hardware e software” que vulnera o disposto na base 14 das de execución do orzamento porque non está destinada á atención de gastos xenéricos, cando menos na súa denoiminación.

Por outra, a utilización do artigo 63 “actuacións de reposicións” tampouco resulta axeitada á estrutura que deseña a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, porque a pretendida renovación de hardware e software responde a unha nova actuación incardinable no artigo 62, segundo a providencia do Servizo de Sistemas de Información que obra no expediente, e a propia definición que para eses artigos reserva a nomeada orde ministerial.”

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, atendendo as conclusións do informe da Intervención Municipal, así como o disposto no número 14 do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 004-T/2020, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 9

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N120.9202.62600	Plan de Informatización	750.230,67
Total Transf. Positivas:		750.230,67 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N 280.9200.12000	Soldos grupo A1. Servizos Xerais	29.044,55
N 280.9200.12003	Soldos grupo C1. Servizos Xerais	29.342,65
N 280.9200.12004	Soldos grupo C2. Servizos Xerais	33.161,49
N 280.9200.12005	Soldos grupo E. Servizos Xerais	60.781,53
N 280.9200.12100	Complemento destino. Servizos Xerais	86.294,61
N 280.9200.12101	Complemento específico. Servizos Xerais	191.246,73
N 280.9201.12004	Soldos grupo C2. Parque Móbil	102.158,79
N 280.9201.12100	Complemento Destino. Parque Móbil	53.983,93
N 280.9201.12101	Complemento específico. Parque Móbil	128.332,97
N 280.9202.12101	Complemento específico. Sistemas de Información	35.883,42
Total Transf. Negativas:		750.230,67 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á Concellería de Servizos Xerais, Transparencia e Sistemas de Información para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.





O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

